

## COPLAS DOS MAIOS 2024 do CEIP Vistahermosa

A primavera chegou  
con moitos olores.  
E alegre estou,  
por ver tantas flores.

Nos maios o mellor  
Xuntarse os amigos,  
Chega a primavera  
É moi divertido.

Vinde ver os maios  
vanvos gustar  
facédeme caso  
non van decepcionar.


Queremos vacacións  
para poder xogar,  
sen ter deberes  
queremos desfrutar.

No patio do cole.  
gústame xogar  
divírtome moito  
e logo a merendar.

Esta primavera  
Chove mogollón  
As veces vai frío  
Ou fai moito sol.

Ou fai moito sol,  
A Terra está a avisar  
Coida o Planeta!  
Ou todo vai cambiar.

Todo vai cambiar  
Ata no recreo  
Temos dereitos  
As nenas e os nenos.



## COPLAS DOS MAIOS 2024 do CEIP Vistahermosa

As nenas nunca teñen  
Dereito á pelota  
Van ter que facer  
Unha gran folga.

Mola moito o fútbol  
É unha chulada  
pero non me gusta  
que me dean patadas.

Os nenos de sexto  
Son moi abusóns  
collen a portería  
sen explicacións.


Sen explicacións  
Isto non é xusto  
a portería é nosa  
son normas do curso.

Son normas do curso  
Isto e é verdade  
Ei nenos de sexto  
respectade a propiedade!

A intelixencia artificial  
non e a túa amiga.  
Derrete o cerebro  
e non é divertida.

É máis divertida  
A vida no exterior  
Saír coas amigas  
Vai ser o mellor.

Facer exercicio  
Despois de estudar,  
No parque cos amigos  
Tempo hai que pasar.



## COPLAS DOS MAIOS 2024 do CEIP Vistahermosa

Ao chegar á casa

Gústanos xogar

Na vídeo consola

Despois de estudar.

Algúns rapaces

En vez de estudar

Usan o ordenador

Para acosar.

Podes denunciar

Aos que acosan

Un punto laranxa

Temos na escola.

No noso colexio

despedimos maio

con moita ledicia

cantando no patio.

Alumnado de 4º e 5º EP

CEIP VISTAHERMOSA

